# ID#24

Olas – Mesía, 1977
**Informantes**: Rafael Suárez e Elvira Iglesias
**Compilador**: Baldomero Iglesias
**Transcrición**: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. Cala, meu meniño, cala
   cala, que che hei da-la teta
   a mamá vai no muiño
   e o papá na leña seca

   *ie, ie, ah! eah! eah!*
   *ron, ron, que aí ven o cocón*
   *pilla-lo' neniño'*
   *que non durmen non,*
   *non, non, eh! eh!*

2. O meu neniño pequeno
   quen o ha de calentar-e
   o papá vai no muíño
   e a mamá vaino buscar-e

3. O meu meniño pequeno,
   pequeniño como un rato
   heino de levar ao muíño
   e enterralo nun burato.

*Audio de procedencia:* MPG_IgBa_0007_031_en_0_54_17_id24